

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

EXTRACTO da Resolución do 4 de febreiro de 2020 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aproba as bases reguladoras das axudas para a redución do impacto Brexit nas empresas galegas con interese no mercado do Reino Unido (Cheque Brexit), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG623A).

BDNS (Identif.): 496793.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- a) Que Reino Unido sexa un dos seus 5 principais mercados intracomunitarios de exportación.
- b) Que exportasen ao Reino Unido máis de 100.000 € nos tres últimos exercicios.
- c) Que Reino Unido supoña un mínimo do 10 % da súa exportación intracomunitaria total.

Ademais deberán: a) estar constituídas como sociedade mercantil; b) ter algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia e c) estar ao día nas súas obrigas coa Facenda Pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

Segundo. *Obxecto*

As axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva e teñen por obxecto apoiar as empresas galegas mediante a realización de servizos de consultoría para a



elaboración dun diagnóstico empresarial e/ou un plan de continxencia co fin de minorar os efectos do Brexit sobre as empresas galegas.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 4 de febreiro de 2020 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aproba as bases reguladoras das axudas para a redución do impacto Brexit nas empresas galegas con interese no mercado do Reino Unido (Cheque Brexit), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG623A).

Cuarto. *Importe*

O crédito dispoñible para concesión nesta convocatoria aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.7708, coa seguinte distribución:

Pemes: 200.000 € con cargo ao ano 2020 e 400.000 € para o ano 2021.

Grandes empresas: 100.000 € con cargo ao ano 2020 e 300.000 € para o ano 2021.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o 30 de outubro de 2020, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2020

Zeltia Lado Lago
Xerente do Instituto Galego de Promoción Económica

